



**PÚBLICO: INFANTIL/FAMILIAR**  
**DURACIÓN APROX: 55MIN**  
**IDIOMA: GALEGO**  
**DRAMATURXIA, DIRECCIÓN,**  
**ESPAZO ESCÉNICO, VESTIARIO,**  
**SON E DESEÑO GRÁFICO A**  
**CARGO DE LILÂ TEATRO**

[lilateatro.com](http://lilateatro.com)  
[lila@lilateatro.com](mailto:lila@lilateatro.com)  
676452878/649062210

LILÂTEATRO

# CACHOPPO MÁXICO



Nunha pequena porción de terra enriba dun monte que non se atopa en ningún mapa por ser demasiado pequeno, ademais de estar algo perdido entre as brétemas do esquezemento, se pode divisar unha casa humilde e fermosa que nunca deixa de votar fumo pola súa torta cheminea.

Alí vive unha familia moi singular ao tempo que bastante plural. Isto quere dicir que coma eles non hai outros.  
Son a familia Palpatore.

Non se sabe moi ben de onde veñen nin tampouco se sabe a onde queren chegar.

Os Palpatore son extraordinarios e teñen aspectos moi diferentes entre sí coma todas as familias. Tamén, coma todas as familias, gardan grandes segredos.

Ó achegarse o Nadal, a familia Palpatore comeza a ferver.

Toca traballar sen descanso durante todo un mes e non están afeitos a tanto traqueto.

Eles son os mellores coñecedores de toda a maxia que acontece en estas datas de culto e celebración.

“O Cachopo Máxico” é unha alegre interpretación do Nadal dende a perspectiva dos costumes galegos máis antigos que cuestiona a influencia da modernidade sobre a cultura popular e reivindica os bos saberes ancestrais.

